

**NOTA DE PRENSA 080/23  
22 DE SETEMBRO DE 2023**

**A SEGUNDA PARADA DO CAMPIONATO GALEGO DE KARTING, EN LUGO**

Logo dun prometedor comezo do certame en As Pontes, o Campionato Galego de Karting afronta a súa segunda parada na localidade lucense de Outeiro de Rei (23 e 24 de setembro).

Novamente serán case 70 equipos os que tomarán a saída no certame autonómico, nun cambio de tendencia que mostra o bo facer do novo promotor escollido pola Federación Galega de Automobilismo.

Para a xornada do sábado, turno para os adestramentos e preparación da proba por parte dos equipos inscritos, coa proba non competitiva dos pre-rookies como aperitivo para o que chegará o domingo 24 de setembro.

Dende primeira hora da mañá, ás 09:00 horas, turno para as primeiras mangas de adestramentos libres, coa primeira das carreiras marcada ás 11:30 horas. A segunda e definitiva terá lugar a partir das 13:00 horas.

A entrega de premios está marcada para as 15:30 horas da tarde no circuito.